

Ciclos de Conferencias

Un dos obxectivos esenciais do proxecto é xerar un conxunto de reflexións e experiencias para poder achegarnos tanto á complexidade da exclusión como ás diferentes respostas inclusivas que ante ela se desenvolveron desde diferentes perspectivas. É por iso que expoñemos un ciclo de conferencias onde se verificará, avaliará e propondrá desde diferentes áreas do coñecemento como a pedagogía, as políticas públicas, a socioloxía, a cooperación cultural e sobre todo desde as prácticas artísticas contemporáneas a inclusión de facer arte en comunidade como ferramenta vital e coherente co desenvolvemento das sociedades actuais. A educación inclusiva enténdese como aquela que promove o acceso igualitario de todos/as, independentemente das diferenzas e capacidades, asegurando o exercicio pleno da cidadanía. Desde unha postura innovadora, actual e completa, a educación inclusiva corresponde a un enfoque educativo baseado na valoración da diversidade como elemento enriquecedor do proceso de ensino aprendizaxe e, en consecuencia, favorecedor do desenvolvemento humano. Este ciclo de conferencias analizará as bases conceptuais e procedimentais dunha educación inclusiva formal (realizada sobre todo nos centros educativos) e non formal (realizada en museos, salas de espectáculos, fundacións e proxectos específicos).

Sábado 27 de xuño

Cidade da Cultura. Santiago de Compostela.

O programa de conferencias e mesas redondas centrarase en tres puntos clave:
ARTES E INTERCULTURALIDAD, INFANCIA E INTEGRACIÓN, ARTE NATERCEIRA IDADE

10-10.30 h

Alejandra Aguirre (Cuba)

LINGUAXE AUDIOVISUAL PARA NENOS E NENAS. Iniciación ao traballo documental.

Desde o mes de xaneiro até o mes de xuño de 2015, a documentalista Alejandra Aguirre traballará e dirixirá un obradoiro de documental para dez nenos e nenas de 8 a 16 anos. Este obradoiro dará lugar unHA curta documental que se mostrará no marco do festival. O equipo creado polos nenos e nenas propondrá o guión, o story board e todos os elementos imprescindibles para a realización do traballo. Investigarase desde diferentes perspectivas dous días á semana sobre un tema elixido pola directora. Nesta conferencia, directora e alumnado falarán de todo o proceso compartindo a experiencia cos e coas asistentes e mostrarán a curtametraxe ao final para abrir un debate sobre el.

10:30-11h

Laura Llauder (Caldelas de Tui. Pontevedra)

Profesora de O Pelouro e creadora do grupo de danza integrada para nenos e nenas Eudanza EDUCAR DESDE O CORPO. A danza como medio de expresión das emocións esenciais

11-11.30 h

Yessmin Lebeilli (Arxentina)

Presidenta Unesco Danza

UNESCO E AS ARTES DO MOVIMENTO

Con ascendencia siria e libanesa, Yessmin Lebeilli comezou a bailar danzas árabes aos 8 anos nas reunións familiares.

Sendo xa mestra de danzas, coreógrafa e bailarina, decidiu perfeccionar os seus coñecementos mediante a investigación desde os propios gravados sobre danzas e bailes en Exipto.

Os coñecementos adquiridos permitíronlle crear un método de ensino da danza, onde inclúe os elementos técnicos de cada país árabe, dando significado e representación a cada movemento.

Comezou difundindo este método de ensino no seu país, Arxentina. Ditou ademais cursos en diferentes países latinoamericanos como Chile, Brasil, Colombia e Ecuador. Tamén en países europeos como Grecia e España e países árabes, entre eles Tunes, Exipto, Siria e Marrocos.

12 h

Carlota Pérez, Charo Lopez Amor e Olalla R. Franco

A PEQUENA BAUHAUS. Un soño feito realidade. Artes e creatividade na infancia.

En nadal do ano 2014, lévase a cabo un proxecto piloto na Coruña dirixido pola coreógrafa e historiadora da arte Carlota Pérez, cuxo obxectivo é realizar un obradoiro multidisciplinar para nenos e nenas de 5 anos en diante baseado no pintor Ruso, para dar a coñecer a arte de vangarda. Neste equipo multidisciplinar os nenos e as nenas son os e as protagonistas dos obxectos artísticos realizados e dos distintos traballos coreográficos e musicais.

Desde outubro de 2014 nenos e nenas de 2 a 13 anos participan en diferentes obradoiros e preparan un traballo final desde a plástica, a danza, a música e o audiovisual. Baseado na creación dun novo mundo, o proceso e o resultado deste traballo mostrárase no festival.

13:00 h

Yosy Hatillo (Santo Domingo)

PROXECTO MIGRANTES. Un documento feito realidade